

cidade para desenvolver actividades formativas en prevención de explosións.

2.9 Cando a avaliación mostre que iso é necesario:

a) Deberá poderse, en caso de que un corte de enerxía poida comportar novos perigos, mante-lo equipamento e os sistemas de protección en situación de funcionamento seguro independentemente do resto da instalación se efectivamente se producise un corte de enerxía.

b) Deberá poder efectuarse a desconexión manual dos aparellos e sistemas de protección incluídos en procesos automáticos que se aparten das condicións de funcionamento previstas, sempre que iso non comprometa a seguranza. Tales intervencións confiaránselles exclusivamente ós traballadores cunha formación específica que os capacite para actuar correctamente nesas circunstancias.

c) A enerxía almacenada deberá disiparse, ó accionalos dispositivos de desconexión de emerxencia, da maneira máis rápida e segura posible ou illarse de maneira que deixe de constituír un perigo.

B. Criterios para a elección dos aparellos e sistema de protección

Sempre que no documento de protección contra explosións baseado nunha avaliación dos riscos non se dispoña outra cousa, en tódalas áreas en que se poidan formar atmosferas explosivas deberán utilizarse aparellos e sistemas de protección de conformidade coas categorías fixadas no Real decreto 400/1996, do 1 de marzo, polo que se dictan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 94/9/CE, relativa ós aparellos e sistemas de protección para uso en atmosferas potencialmente explosivas.

Concretamente, nas zonas indicadas deberanse utilizar as seguintes categorías de aparellos, sempre que resulten adecuados para gases, vapores ou néboas inflamables, ou pos combustibles, segundo corresponda:

Na zona 0 ou na zona 20, os aparellos da categoría 1.

Na zona 1 ou na zona 21, os aparellos das categorías 1 ou 2.

Na zona 2 ou na zona 22, os aparellos das categorías 1, 2 ou 3.

ANEXO III

Sinalización de zonas de risco de atmosferas explosivas conforme o punto 3 do artigo 7



Zona con riscos de atmosferas explosivas

Características intrínsecas:

- 1.^a Forma triangular.
- 2.^a Letras negras sobre fondo amarelo, bordos negros (o amarelo deberá cubrir como mínimo o 50% da superficie do sinal).

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12198 *ORDE APA/1610/2003, do 17 de xuño, pola que se regula a retirada dos produtos fitosanitarios que conteñan substancias activas excluídas da lista comunitaria. («BOE» 146, do 19-6-2003.)*

As substancias activas comercializadas con anterioridade ó 26 de xullo de 1993 deben ser revisadas no marco do programa que establece, no seu artigo 8.2, a Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, para verifica-lo cumprimento dos requisitos establecidos na dita norma.

Cando unha substancia activa non supera o proceso de revisión, ou non se somete a el, queda excluída da lista de substancias activas das que está autorizada a incorporación nos produtos fitosanitarios, que constituíe o anexo I da Directiva 91/414/CEE e, en consecuencia, non se inclúe na «lista comunitaria de substancias activas» contida no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización de produtos fitosanitarios, que incorporou ó ordenamento xurídico interno a directiva citada.

En tal caso, a Comisión Europea adopta as medidas pertinentes para a retirada do mercado de tales substancias activas, individualmente ou en grupos, utilizando como instrumento xurídico a decisión ou o regulamento. As disposicións máis recentes nesta materia son a Decisión 2003/219/CE, do 25 de marzo de 2003, e o Regulamento (CE) 2076/2002, do 20 de novembro, respectivamente.

O cumprimento das normas comunitarias citadas esixe a realización, por parte da autoridade competente en cada Estado membro, dunha serie de actuacións que teñen por obxecto a revogación das autorizacións dos produtos fitosanitarios que conteñen as substancias activas retiradas e a fixación, se é o caso, dos prazos para a comercialización, utilización e eliminación de existencias, todo iso de conformidade co establecido polas respectivas disposicións comunitarias e, no noso país, co establecido no artigo 19 do Real decreto 2163/1994.

Sen prexuízo de que a aplicación de regulamentos e decisións comunitarias non require a previa transposición deles ós ordenamentos nacionais, a correcta realización das actuacións descritas no parágrafo anterior determina a necesidade de establecer, con carácter xeral, certas normas reguladoras da retirada dos produtos fitosanitarios afectados, que son as que se conteñen na presente orde.

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, confírelles ás autoridades competentes en cada caso, atribucións relativas á adopción de medidas cautelares e preceptos relativos á responsabilidade por infraccións, directamente aplicables para efectos de asegurar a retirada sen riscos dos produtos afectados.

Todo iso é aplicable igualmente á extinción de autorizacións provisionais por decisión final de non inclusión das correspondentes substancias activas na lista comunitaria, á extinción de autorizacións nos casos en que se resolva non renova-la inclusión na dita lista e demais casos de retirada de autorizacións por imperativo da normativa comunitaria.

Na elaboración do proxecto desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

A presente norma dítase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2163/1994, que habilita o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para dicta-las normas oportunas para o seu desenvolvemento e aplicación.

Na súa virtude dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta orde é regula-la retirada do mercado dos produtos fitosanitarios que conteñan algunha substancia activa excluída da lista comunitaria do anexo I do Real decreto 2163/1994, como consecuencia do programa comunitario de revisión delas, establecido polo artigo 8.2 da Directiva 91/414/CEE, ou de decisión desfavorable da Comisión Europea sobre a inclusión ou a renovación de inclusión na dita lista.

Artigo 2. *Prazos e condicións de retirada.*

1. Os produtos fitosanitarios que conteñan algunha substancia activa non incluída na lista comunitaria por calquera dos motivos previstos no artigo 1, non poderán ser comercializados polo seu titular, nin por ningún importador paralelo, despois de expira-lo prazo establecido para o efecto pola Dirección Xeral de Agricultura, no acto de revogación das autorizacións existentes, salvo para aqueles usos limitados, permitidos na disposición comunitaria correspondente, que se manteñan expresamente no dito acto cos seus respectivos períodos de vixencia.

2. O prazo a que se refire o punto 1 aplicarase igualmente á comercialización, utilización e tenza, das existencias dos produtos afectados en poder de distribuidores e usuarios salvo que, conforme o permitido na respectiva disposición comunitaria, se fixen expresamente para tales efectos prazos específicos no acto de revogación da correspondente autorización a que se refire o punto 1.

3. As existencias finais dos produtos fitosanitarios afectados por esta orde deberán ser inmovilizadas nos almacéns centralizados de retirada a que se refire o punto 1.c) do artigo 3. O traslado dos produtos fitosanitarios ós ditos almacéns deberá realizarse antes de que expire o prazo máximo que corresponda segundo o previsto nos puntos 1 e 2.

4. A inmovilización de produtos fitosanitarios nas condicións establecidas no punto 3 non deberá exceder do prazo máximo permitido ós estados membros para a eliminación de existencias, polo que, antes de que se cumpra este prazo, as existencias finais deberán:

a) Cando se trate de produtos legalmente autorizados noutros países ou para usos non fitosanitarios, quedar etiquetados regulamentariamente, nos termos que estableza a dita autorización e no idioma correspondente.

b) En calquera outro caso, seren destruídos, conforme a normativa aplicable, ou devoltos ó país de orixe se se trata de produtos de fabricación estranxeira.

5. Os actos de revogación das autorizacións dos produtos fitosanitarios afectados polo disposto nesta orde serán notificados individualmente a cada un dos titulares daquelas. Con independencia do anterior, os datos relevantes especificados nos ditos actos, particularmente os prazos a que se refiren os puntos 1 e 2, faranse públicos, así mesmo, no «Boletín Oficial del Estado», para coñecemento da totalidade das persoas que, sen seren as ditas titulares, queden afectadas pola retirada dos citados produtos.

Artigo 3. *Obrigas dos titulares de autorizacións, operadores e usuarios.*

1. Os titulares das autorizacións dos produtos fitosanitarios afectados pola presente orde e, se é o caso, os operadores que realicen importacións paralelas de lotes ou partidas dos ditos produtos en territorio nacional, están obrigados a:

a) Dentro do prazo previsto no punto 1 do artigo 2, suspende-la fabricación ou importación, con destino ó mercado nacional, de novos lotes ou partidas dos produtos fitosanitarios a que se refire o artigo 1. En todo caso, na posta no mercado de novos lotes de fabricación, durante o período comprendido entre a publicación da correspondente disposición da Comisión Europea e a finalización do dito prazo, deberán atender ás existencias dispoñibles e ás expectativas razoables de consumo.

b) Dentro do prazo dun mes contado desde a notificación do acto de revogación da autorización, proporcionarlles ós seus distribuidores e demais operadores da súa rede comercial, etiquetas autoadhesivas para sobreetiqueta-los envases dos produtos fitosanitarios afectados, no caso de que, consonte o previsto no artigo 2, se establecesen restriccións de uso durante os prazos fixados para a comercialización e utilización de existencias, ou cando se manteña permitido algún uso, contendo a información inequívoca acerca dos usos autorizados.

c) Habilitar un almacén centralizado de retirada, para os fins previstos no punto 3 do artigo 2, e un sistema de recollida, a través da súa rede de distribución, das existencias en poder de operadores e usuarios.

d) Comunicar en forma fidedigna, ós seus distribuidores e demais operadores da súa rede comercial, as condicións en que se efectuará a recollida das súas existencias e das devolucións de agricultores e usuarios que se produzan. Desta comunicación remitirán copia á Dirección Xeral de Agricultura, á que, así mesmo, informarán da localización do almacén a que se refire a alínea c).

e) Levar, para cada un dos produtos afectados, un rexistro dos tipos de envase, lotes de fabricación e cantidades inmovilizadas, das existencias propias, as entregas dos distribuidores e as doutros operadores comerciais e usuarios, así como as saídas por destrución, devolución a orixe ou exportación. Este rexistro, cos correspondentes documentos comprobantes, deberase manter á disposición das autoridades competentes ata pasados 3 anos despois da liquidación total de existencias.

2. Os distribuidores e calquera outro operador da rede comercial, están obrigados a:

a) Suspende-la comercialización dos produtos fitosanitarios afectados pola presente orde, dentro do prazo que corresponda conforme o establecido no punto 2 do artigo 2. A mesma obriga incúmbelles, se é o caso, respecto ós produtos afectados polo disposto na alínea b) do punto 1, que non fosen sobreetiquetados como corresponda.

b) Acepta-las devolucións dos ditos produtos, efectuadas polos usuarios e demais clientes seus, e custodias ata a súa recollida conforme o disposto nas alíneas c) e d) do punto 1, sempre que as ditas devolucións se produzan antes de expira-lo prazo máximo para a utilización e tenza dos ditos produtos, a que se refire o punto 2 do artigo 2.

c) Levar un rexistro actualizado dos produtos a que se refire a alínea a), por tipos de envase, lotes de fabricación e cantidades totais, existentes nos seus almacéns, as entradas por devolución dos usuarios e demais clientes seus, e as saídas por recollida conforme o establecido no punto 1.d). Este rexistro, cos correspondentes docu-

mentos comprobantes manterase á disposición das autoridades competentes ata pasados 3 anos despois da devolución das súas existencias.

3. Exclúense das obrigas establecidas nos puntos 1 e 2, os titulares de autorizacións, importadores paralelos, distribuidores e demais operadores da rede comercial, que non comercialicen produtos fitosanitarios afectados despois da data de publicación da correspondente decisión de retirada da Comisión Europea.

4. Os agricultores e demais usuarios están obrigados pola prohibición de tenza e utilización dos produtos fitosanitarios que xa non estean autorizados, por se ter producido a retirada das súas autorizacións, debendo entregalos a un xestor autorizado para a súa destrución, antes de que expire o prazo límite a que se refire o punto 2 do artigo 2. Para os produtos adquiridos despois da data de publicación da correspondente decisión da Comisión Europea poderán utiliza-lo sistema de devolución a que se refiren os puntos 1 e 2.

Artigo 4. *Responsabilidade na retirada de existencias.*

Calquera que, no uso de o seu dereito a utiliza-lo sistema de devolución previsto no artigo 3 para as existencias no seu poder, encontre impedimentos á a súa entrega por parte de quen estea obrigado a recibilas ou retiralas, poderá xustifica-lo cumprimento do establecido na presente orde mediante o xustificante de ter comunicado os feitos constitutivos da obstrución á autoridade competente en materia de vixilancia da comercialización e utilización de produtos fitosanitarios da comunidade autónoma onde resida, dentro das 48 horas seguintes ó momento en que se producisen, independentemente de calquera outra acción que puidese iniciar.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente disposición dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de xuño de 2003.

ARIAS CAÑETE

XEFATURA DO ESTADO

12392 *REAL DECRETO LEI 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».* («BOE» 148, do 21-6-2003.)

Ante a situación xerada en determinadas zonas da costa de Galicia e do litoral cantábrico polo accidente do buque «Prestige», o Goberno veu adoptando unha serie de medidas co fin de articular coa urxencia e inmediatez necesarias as actuacións precisas para atende-las necesidades xurdidas dos danos provocados e palia-las graves consecuencias producidas con ocasión do dito accidente.

As medidas adoptadas polo Goberno da Nación en ningún caso supoñen recoñecemento de responsabilidade do Estado por tales efectos e adóptanse sen prexuízo do dereito que asiste o Estado para reclamar dos responsables o importe das indemnizacións que correspondan.

Ante a eventualidade de que as indemnizacións cubertas polo «London & Club» e o Fondo internacional de indemnización de danos debidos á contaminación por hidrocarburos (FIDAC) non alcancen a cubrir integramente o importe dos prexuízos ocasionados en España polo accidente, e considerando que ata a data, e tendo en conta o tempo que pode transcorrer, os prexudicados non percibiron os dereitos indemnizatorios que posúen, as medidas de que se trata teñen como finalidade facilitar ós que experimentaron danos como consecuencia do accidente do «Prestige», indistintamente persoas físicas ou xurídicas privadas ou públicas, a reparación máis inmediata posible dos referidos danos, mediante o anticipo das indemnizacións, subrogándose o Estado como consecuencia do pagamento anticipado das indemnizacións, nos dereitos dos prexudicados.

En todo caso, trátase por tanto de axiliza-lo aboamento das indemnizacións polos danos ocasionados polo «Prestige», asumindo o Estado o pagamento das indemnizacións ós afectados polo accidente, e o seu importe farao efectivo o Instituto de Crédito Oficial (ICO) na súa condición de axencia financeira do Estado, pois entre as súas funcións está, como primeira e principal, a de contribuír a palia-los efectos económicos producidos por situacións de grave crise económica, catástrofes naturais ou outros supostos semellantes.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía e do ministro de Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xuño de 2003,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Pagamento das indemnizacións.*

Autorízase o ICO para lles paga-las indemnizacións, co límite de 160 millóns de euros, ós afectados polos danos ocasionados en España polo accidente do buque «Prestige», respecto dos que voluntariamente así o acepten, no marco dos acordos transaccionais que para o efecto, consonte o disposto no artigo 6, se subscriban co ministro de Facenda, sempre que se trate de persoas físicas ou xurídicas, que sufrisen danos por contaminación indemnizables, de conformidade co establecido no convenio internacional sobre a constitución dun Fondo internacional de indemnización de danos debidos á contaminación por hidrocarburos (FIDAC) e do convenio internacional sobre responsabilidade civil de danos debidos a contaminación por hidrocarburos, e que fosen valorados segundo o disposto no artigo 4.

Igualmente, e dentro de límite a que se refire o parágrafo anterior, o ICO pagará os danos causados ás administracións públicas que, consonte o establecido na disposición adicional primeira, subscriban convenios de colaboración nos termos recollidos nesta.

En ningún caso o aboamento das indemnizacións mediante o pagamento dos importes correspondentes supón recoñecemento de responsabilidade do Estado para tales efectos, e realízase, en todo caso, sen prexuízo do dereito que asiste o Estado para reclamar dos responsables o importe das indemnizacións correspondentes.